



XUNTA
DE GALICIA

XORNADA
DE BENVIDA
PARA DOCENTES DE NOVA INCORPORACIÓN



O Modelo de Competencias Profesionais Docentes (MCPD)

Alicia Eizaguirre Santillán / CAFI







A estrutura do MCPD

3  **ÁREAS** | » Pedagóxica
» Profesional
» Social

7  **COMPETENCIA
PROFESIONAL DOCENTE**

ÁREA PEDAGÓXICA

- » **Competencia didáctica**
- » **Competencia comunicativa**
- » **Competencia dixital**

ÁREA PROFESIONAL

- » **Competencia en desenvolvemento profesional**
- » **Competencia en organización escolar e colaboración**

ÁREA SOCIAL

- » **Competencia en saúde, seguridade e benestar**
- » **Competencia inclusiva, social e cidadá**

36  **DESCRITORES
COMPETENCIAIS**

Niveis de concreción maior de cada unha das competencias que amosan facetas concretas do desenvolvemento destas.

3  **NIVEIS** | » Básico
» Intermedio
» Avanzado

Para cada un dos descritores nos que se organizan todos os indicadores.

299 indicadores

A competencia inclusiva, social e cidadá



AS COMPETENCIAS
PROFESIONAIS
DOCENTES

Competencia
inclusiva, social e
cidadá

Promover un clima de convivencia positiva no que se considera a **diversidade** como un activo de aprendizaxe, se desenvolve a **conciencia intercultural** e Internacional e se atende a prevención e **resolución de conflitos**, fomentando a xustiza social e o respecto.

7.2 Inclusión e igualdade

Potenciar as capacidades de todo o alumnado, atendendo as súas necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións socioculturais. Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado a partir da construción da propia identidade de xénero e as súas relacións afectivas, dende unha óptica baseada na igualdade e aceptación da diversidade.

NIVEL	INDICADORES DE LOGRO
Básico: Recoñece a relevancia e a necesidade da orientación e da atención á diversidade, a normativa que as regula e aplícaa tuteladamente na súa aula.	7.2.1. Recoñece a importancia da orientación e da atención á diversidade e o fomento da igualdade no contexto do seu centro. 7.2.2. Comprende as novidades normativas relacionadas coa atención á diversidade e á igualdade de aplicación ao seu contexto socioeducativo. 7.2.3. Aplica con axuda e tutela de colegas especialistas a normativa vixente en prol da inclusión e da igualdade.
Medio: Desenvolve as tarefas precisas en prol da inclusión e a igualdade, adaptadas ás necesidades da súa aula e en colaboración co equipo de orientación.	7.2.4. Adapta os aspectos fundamentais da normativa relacionada coa atención á diversidade e igualdade á realidade da aula. 7.2.5. Traballa e colabora co equipo de orientación aplicando medidas concretas de inclusión e a igualdade na aula. 7.2.6. Integra boas prácticas de inclusión e atención á diversidade na realidade da súa aula a través de estratexias metodolóxicas variadas.
Avanzado: Lidera o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas coordinadas en prol da inclusión e da igualdade na comunidade educativa.	7.2.7. Deseña estratexias metodolóxicas para a atención á diversidade e o fomento da igualdade na comunidade educativa. 7.2.8. Implica á comunidade educativa en proxectos centrados na atención á diversidade e o fomento da igualdade. 7.2.9. Coordina a colaboración do centro coas entidades do eido da inclusión e igualdade. 7.2.10. Avalía a implementación de estratexias metodolóxicas para a atención á diversidade e igualdade no seu centro.



**Competencia
inclusiva, social e
cidadá**

Catro aspectos clave do MCPD

1. Fomentar a profesionalización da docencia.
2. Establecer estándares de calidade para a formación e o desempeño do profesorado.
3. Mellorar a colaboración e o intercambio de coñecementos entre o profesorado.
4. Poñer en valor a figura da persoa docente.

